

Convocatoria de voluntariado xuvenil para o desenvolvemento de actividades de carácter sociocultural, formativo e físico-deportivo no Centro Penitenciario de Monterroso.

Bases convocatoria 2018

1. ANTECEDENTES

O Centro Penitenciario de Monterroso vén desenvolvendo, desde o ano 2012, un proceso educativo de Animación Sociocultural. No mesmo, participaron os diferentes colectivos que conviven na prisión (profesionais, internos e entidades colaboradoras), analizando as condicións do seu contexto e acordando medidas para mellorar a convivencia, así como as posibilidades de reeducación e reinserción que ofrece o centro. Este proceso foi acompañado pola ONG Aliad-Ultreia e o Grupo de investigación SEPA da Universidade de Santiago de Compostela, contando co financiamento da Obra Social La Caixa (Acción Social e Interculturalidad, convocatorias 2011, 2013 e 2015).

Entre as medidas prioritarias, acordouse impulsar unha maior oferta de actividades, promovendo a participación dos propios internos na proposta e desenvolvemento de iniciativas e abrindo o centro a novas accións do exterior. Con este labor, a ONG Aliad-Ultreia e o Grupo SEPA da USC (financiamento Obra Social La Caixa, 2015), lanzaron no 2016 unha convocatoria de acción voluntaria gracias á que entraron na cadea obradoiros de teatro, canto e música, fotografía, reiki, ioga, pelota vasca e fútbol sala.

Neste 2018 retómase como **convocatoria de voluntariado xuvenil, motivando á mocidade galega a desenvolver proxectos de carácter sociocultural, educativo e físico-deportivo no Centro Penitenciario de Monterroso.**

2. OBXECTO E BENEFICIARIAS/OS

O obxecto desta convocatoria é financiar a realización de actividades no Centro Penitenciario de Monterroso, con especial incidencia na promoción da participación dos internos e na apertura do centro penitenciario cara á comunidade na que se inscribe. As accións serán desenvolvidas durante o ano 2018 en horario de tarde.

Poden concorrer á convocatoria **persoas de entre 20 e 30 anos, ou grupos** de persoas na que polo menos unha das súas integrantes se sitúe nesta franxa de idade.

Esta convocatoria circunscríbese ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN

A convocatoria oriéntase ao desenvolvemento de:

- Actividades físico-deportivas.
- Actividades socioculturais.
- Talleres formativos.

Demándanse proxectos coherentes, consistentes desde o punto de vista educativo e social, respectuosos cun concepto integral das persoas e a súa capacidade de mellora permanente.

4. REQUISITOS

As propostas que se presenten deberán atender ás seguintes condicións:

- Desenvolveranse ao longo de 2018.
- Terán unha duración trimestral.
- Periodicidade: un día á semana.
- Horario: de tarde.

As propostas deben ser novas, non poderán duplicar as actividades que xa se están desenvolvendo no centro (ver Anexo I e [Panel de Recursos do Plan](#)).

A planificación das actividades deberá realizarse atendendo aos recursos infraestruturais e materiais dispoñibles no centro (ver Anexo I), contando cunha pequena asignación orzamentaria para a adquisición de novo material, segundo necesidade da actividade.

Son criterios prioritarios de valoración, a presentación de proxectos que:

- Incorporen a participación dos destinatarios na planificación, a toma de decisións, o deseño, o desenvolvemento e/ou a avaliación de actividades.
- Propoñan unha acción coordinada entre diferentes axentes da prisión de Monterroso e/ou entidades externas.
- Atendan a criterios de calidade (perfil da/o dinamizador/a, adecuación ás necesidades específicas...)
- Doten ao centro de recursos socioeducativos estables con perspectiva de continuidade e mantemento, previndo estratexias de sustentabilidade e auto-organización.
- Incorporen ou motiven á participación de colectivos que, polas súas características específicas (cultura, problemáticas concretas, etc.), presenten un menor nivel de incorporación nas actividades do centro.
- Atendan a enfoques interculturais, en coherencia coa diversidade cultural do centro penitenciario.
- Valorarase a proximidade territorial ao centro penitenciario, buscando a apertura da prisión á comunidade na que se inscribe.

5. ACHEGAS ECONÓMICAS

A convocatoria de acción voluntaria cubre os custes de desprazamento e gastos asociados ao desenvolvemento da actividade.

6. FORMA DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS

Para participar na convocatoria deberase cumprimentar o [formulario online](#), dispoñible na [web do Plan de Animación Sociocultural](#).

O formulario recolle tres apartados:

- datos de referencia da persoa ou colectivo que dinamizará o proxecto;
- formulación da proposta;
- información complementaria, onde anexar (formato documento ou pdf) documentación que apoie a formación, capacidades e experiencia da persoa ou equipo que dinamizará a actividade.

Se a túa proposta é a seleccionada, solicitaráseche posteriormente fotocopia do DNI e outra información complementaria.

Na formulación da proposta, concretarase:

- *Obxectivo*: indicar que se pretende conseguir coa actividade. Pode indicarse unicamente un obxectivo xeral ou concretarse en varios obxectivos específicos.
- *Persoas destinatarias*: a actividade pode ir dirixida á poboación reclusa en xeral, ou a un colectivo específico. En caso de dirixirse a un colectivo específico, indicar as características do mesmo (por exemplo: persoas con problemas de drogodependencias, persoas inmigrantes, xuventude, etc.).
- *Resumo do proxecto ou actividade*: descrición breve do proxecto, detallando as actividades que se desenvolverán e metodoloxía empregada. Indicar cando poderían desenvolverse as actividades (por exemplo: martes á tarde). As actividades deben desenvolverse en horario de tarde.
- *Resultados esperados e mecanismos de avaliación*: indicar que se espera conseguir coa actividade e como se vai valorar / avaliar. Valorarse positivamente que se conte coas persoas participantes no proceso de avaliación.
- *Dinamización da participación*: citar as estratexias que se empregarán para favorecer unha participación activa das persoas internas e conectar coas súas necesidades.
- *Coordinación con outros axentes e/ou recursos do centro penitenciario ou do territorio*: de ser o caso, indicar como se articula o proxecto con outras iniciativas e/ou colectivos do centro penitenciario ou externos ao mesmo.
- *Continuidade*: identificar estratexias concretas para favorecer a continuidade do proxecto. As mesmas poden referirse ás posibilidades para continuar a dinamización do proceso máis aló da aplicación deste proxecto (duración trimestral); ou ben á capacitación dos participantes (internos ou profesionais do centro) para continuar co proceso de forma autónoma.
- *Continuidade*: indica as estratexias de difusión que empregarás para dar a coñecer o proxecto no exterior (a través das redes, de forma presencial, etc.).

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación **comeza o 5 de febreiro e finaliza o 5 de marzo de 2018**, non admitíndose á convocatoria ningunha solicitude nin documentación que exceda as datas sinaladas.

Cumplimentarase a través do [formulario online](#).

Para calqueira dúbida porse en contacto a través do teléfono 982251948 ou 655395940 ou no correo electrónico convivencia.prision@gmail.com.

8. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

As propostas recibidas serán valoradas por un Comité conformado por 2 representantes de cada un dos colectivos que participan do Plan de Animación Sociocultural:

- Equipo Técnico.
- Persoal de Interior.

- Internos.
- Entidades colaboradoras (ONGs).
- Grupo SEPA da Universidade de Santiago de Compostela.

As propostas seleccionaranse en función de:

- Os criterios de valoración prioritarios establecidos nesta convocatoria.
- A complementariedade entre as accións seleccionadas.
- A procura de equilibrio entre propostas realizadas por colectivos internos ao centro penitenciario e externos ao mesmo.

A resolución será comunicada, nun prazo máximo de quince días desde o peche da convocatoria, a través de correo electrónico e na [web do Plan de Animación Sociocultural](#).

Faranse públicas as razóns que motivan a decisión adoptada. A resolución da convocatoria será inapelable.

9. FORMALIZACIÓN DA COLABORACIÓN

A ONG Aliad-Ultreia e cada unha das persoas ou grupos seleccionados asinaran un compromiso de voluntariado e subscribirán un convenio de colaboración referido ao período de realización da actividade. No mesmo especificaranse os dereitos e obrigas de ambas as partes e, entre outros puntos, especificáanse:

- Prazo de inicio e finalización do convenio de colaboración.
- Orzamento asignado e material necesario para o desenvolvemento da actividade, de cuxa compra se encargará a propia asociación.
- Seguimento do proxecto.
- Condicións da memoria final e xustificación.

No caso de que se presenten á convocatoria varias persoas agrupadas, unha delas deberá figurar como responsable, tal e como se especifica no formulario de solicitude. Esta persoa deberá ter idade comprendida entre os 20 e 30 anos.

Con carácter obrigatorio no caso das persoas que accedan por primeira vez á prisión de Monterroso, e opcional para aquelas persoas que xa interveñan neste espazo, desenvolverase unha formación previa dirixida a trasladar as normas do centro e algunhas pautas de comprensión do contexto penitenciario, así como para atender dúbidas que poidan xurdir.

A programación de actividades iniciárase a partir de abril, distribuíndose as diferentes actividades dende esta data ata finais de 2016.

10. RECOÑECIMENTO Á PARTICIPACIÓN

Tras o desenvolvemento do proxecto, as persoas voluntarias recibirán un certificado da Xunta de Galicia (Voluntariado Galego), na que consta o número de horas dedicadas ao proxecto, accións desenvoltas e competencias adquiridas (certificación de voluntariado oficial).

ANEXO I

O Centro Penitenciario de Monterroso está situado na localidade rural do mesmo nome, no interior da provincia de Lugo. Trátase dunha prisión para homes, cunha poboación reclusa que oscila en torno ás 275 persoas, caracterizada por unha gran diversidade de procedencias, con presos que responden a máis de 30 nacionalidades distintas.

Recursos infraestruturais que o Centro Penitenciario de Monterroso pon a disposición do desenvolvemento de actividades socioculturais, formativas e físico-deportivas:

- Aula, dotada con computador, proxector, encerado e mesas movibles.
- Aula para manualidades e pintura.
- Aula de informática dotada con 20 computadores (sen acceso a internet).
- Salas de usos múltiples para o traballo en pequeno grupo.
- Salón de actos (escenario e cadeiras fixas), dotado de equipo de son, luces e proxector.
- Equipo de música composto por dúas guitarras, unha batería, amplificadores e mesa de mesturas.
- Hortos e invernadoiro.
- Polideportivo, con pista de fútbol sala, campo de fútbol, pista de baloncesto e ximnasio.

Para consultar as actividades de carácter sociocultural, formativo e físico-deportivo que se están a desenvolver actualmente no centro consultar o [Panel de recursos](#) que figura na web do Plan de Animación Sociocultural.